

A descrición da actividade do Pleno, da Comisión Permanente e das distintas Comisións Sectoriais está organizada, como é habitual nas sucesivas memorias de actividades do Consello Económico e Social de Galicia, por sesións e, dentro das mesmas, dase conta dos puntos máis salientables entre os asuntos tratados, segundo constan nas correspondentes actas.

O Pleno do Consello celebrou en 2003 un total de 6 sesións. Pola súa banda, a Comisión Permanente reuniuse en 8 ocasións ó longo do ano, mentres a actividade das diferentes Comisións Sectoriais foi moi variada:

- CS-1: 12 sesións.
- CS-2: 8 sesións.
- CS-3: 4 sesións.
- CS-4: 6 sesións.

ACTIVIDADE DO PLENO

• Sesión 1/03 (16 de xaneiro)

O Pleno acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo do dictame sobre o anteproxecto de Lei galega de igualdade das mulleres e dos homes,

Acórdase tamén ratificar por maioría o acordo da Comisión Permanente sobre a participación do CES-Galicia no proxecto de Rede Transnacional Atlántica (RTA).

• **Sesión 2/03 (26 de marzo)**

O Pleno acorda aprobar por unanimidade o “informe sobre a situación socioeconómica da muller en Galicia”.

Apróbase, tamén por unanimidade e polo trámite de urxencia, o dictame sobre o anteproxecto de Lei pola que se reforma a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.

• **Sesión 3/03 (15 de maio)**

O Pleno acorda aprobar por unanimidade o dictame sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

No seguinte punto da orde do día, o Pleno aproba, tamén por unanimidade, o informe sobre O subsector agrogandeiro e forestal de Galicia.

Debátese a proposta de comparecencia do Comisionado do Goberno do Estado para o *Prestige*, e sometida a votación, apróbase a proposta de comparecencia por maioría.

• **Sesión 4/03 (4 de xullo)**

Esta sesión plenaria estivo dividida en dúas partes: a primeira adicouse á comparecencia do Comisionado do Goberno do Estado para o *Prestige* e a segunda tivo carácter ordinario.

O Comisionado do Goberno do Estado para as actuacións derivadas da catástrofe do buque *Prestige* informou sobre as súas competencias e funcións como Comisionado e das actuacións da Administración do Estado derivadas do afundimento do petroleiro. Ofreceu a súa total dispoñibilidade para facilitar tódolos datos que o CES necesite para os seus informes.

Na súa segunda parte, o Pleno acordou aprobar, por unani-

midade, o anteproxecto de orzamentos do CES-Galicia para o ano 2004.

O Pleno acordou aprobar unha proposta de elaboración dun informe a iniciativa propia sobre "O financiamento do sistema universitario de Galicia", que se levará a cabo pola Comisión Sectorial nº 2.

• **Sesión 5/03** (17 de outubro)

O Presidente informa do Acordo de Cooperación Transnacional INTERREG IIIB "Espacio Atlántico" da Rede Transnacional Atlántica de socios económicos e sociais (RTA).

Constituiranse dous grupos de traballo: un grupo de traballo estudiara un tema específico sobre Investigación, Innovación e Transferencias de Tecnoloxía, durante un ano, e outro grupo de traballo estudiará un bloque de temas de Accesibilidade: Seguridade marítima, Portos e Hínterland, Transporte marítimo e cabotaxe, durante tres anos.

De seguido, o Pleno acorda aprobar por unanimidade a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002.

O Pleno aproba, tamén por unanimidade e polo trámite de urxencia, o Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas.

• **Sesión 6/03** (29 de decembro)

O Presidente informa da súa comparecencia no Parlamento de Galicia para presentar os orzamentos do Consello para o ano 2004, e traslada ós membros do Pleno a felicitación da Comisión Parlamentaria polos traballos do CES durante o ano 2003.

O Presidente informa que, no vindeiro Pleno Ordinario, iniciarase o tramite, previsto no artigo 44 do Regulamento de

Réxime Interno, para a renovación total do Consello.

O Pleno acorda aprobar por unanimidade o Dictame sobre o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia.

O Presidente do CES, a proposta da Comisión Permanente, propón o Pleno a elaboración dun informe-opinión sobre o seguimento do Programa Operativo de Galicia 2000-2006.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la proposta de informe, a iniciativa propia, nos seguintes termos:

1. Que o CES proceda á elaboración dun informe a iniciativa propia sobre "O seguimento do Programa Operativo de Galicia 2000-2006".

2. Que a realización dese informe-opinión se leve a cabo pola Comisión Sectorial nº 3.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN PERMANENTE

• Sesión 1/03 (7 de xaneiro)

Acórdase tramitar ó Pleno a proposta de dictame sobre o anteproxecto de Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.

A petición da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, acórdase autorizar ó Presidente para a subscripción dun convenio coa Universidade de Vigo para a elaboración por parte do CES-Galicia dun Informe sobre as consecuencias económicas, sociais e medioambientais que, a medio prazo, terá o vertido do petroleiro Prestige para Galicia, de acordo co contido do índice proposto.

Acórdase por maioría a participación do CES-Galicia na Rede Transnacional Atlántica dos Consellos Económicos e Sociais.

• **Sesión 2/03 (5 de febreiro)**

O Presidente informa sobre a situación das negociacións coas universidades e entidades financeiras para a realización do informe sobre as consecuencias económicas, sociais e medioambientais que, a medio prazo, terá o vertido do petroleiro Prestige para Galicia.

Despois dun amplo debate acórdase ratificarse no acordado na anterior sesión sobre as condicións de realización do dito informe.

Acórdase aprobar a proposta de Memoria de actividades do CES-Galicia en 2002.

• **Sesión 3/03 (14 de marzo)**

Acórdase tramitar ó Pleno a proposta de informe sobre A situación socioeconómica da muller en Galicia.

Acórdase que as áreas funcionais a informar no ano 2003 sexan a de Ourense-Verin.

Acórdase a aplicación do código de identificación corporativa da Xunta de Galicia (Decreto 178/2003, do 20 de febreiro).

• **Sesión 4/03 (9 de maio)**

Acórdase tramitar ó Pleno a proposta de dictame sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

Acórdase tramitar ó Pleno a proposta de informe sobre O subsector agrogandeiro e forestal de Galicia.

Acórdase propoñer ó Pleno a solicitude de comparecencia do Comisionado do Goberno do Estado para o Prestige. Acórdase que a comparecencia se produza dentro da primeira quincena de xuño.

O Presidente informa da próxima convocatoria da Mesa Sectorial Específica de Cooperación do CES para o vindeiro luns 19 de maio, e a posterior reunión do Comité de seguimento do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006, do luns 26 de maio en Santiago de Compostela.

• **Sesión 5/03** (25 de xuño)

O Presidente informa do convenio de cooperación, coa Universidade de Santiago de Compostela, para a realización do informe sobre as consecuencias económicas, sociais e medioambientais que, a medio prazo, terá o vertido do petroleiro Prestige para Galicia.

Acórdase aproba-lo anteproxecto de presupostos do Consello Económico e Social de Galicia para o ano 2004, como trámite previo á súa discusión e aprobación polo Pleno do Consello.

Acórdase tramitar ó Pleno a proposta de elaboración, por propia iniciativa, dun informe sobre O financiamento do sistema universitario de Galicia

• **Sesión 6/03** (6 de outubro)

Acórdase tramitar ó Pleno do Consello a proposta da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002.

O Presidente informa do Acordo de Cooperación Transnacional INTERREG IIIB "Espacio Atlántico" da Rede Transnacional Atlántica de socios económicos e sociais (RTA).

• **Sesión 7/03** (13 de novembro)

Acórdase autorizar ó Presidente do Consello para a sinatura do compromiso do CES-Galicia para a realización do proxecto RTA.

Acórdase que a Comisión Sectorial nº 3: Desenvolvemento

Rexional, de acordo coas propostas de pregos de condicións previas nos grupos de traballo do proxecto RTA, designe os representantes do CES Galicia nos mesmos: Un representante para o grupo de traballo sobre Investigación, Innovación e Transferencias de Tecnoloxía, e outro para o grupo de traballo sobre Seguridade marítima, Portos e Hínterland, Transporte marítimo e cabotaxe: A intermodalidade entre os modos de transporte de mercancías.

• **Sesión 8/03** (11 de decembro)

Acórdase tramitar ó Pleno a proposta de dictame sobre o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia.

Acórdase tramitar ó Pleno a proposta de elaboración, por propia iniciativa, dun informe-opinión sobre o seguimento do Programa Operativo de Galicia 2000-2006.

**ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 1:
ECONOMÍA, EMPREGO E SECTORES PRODUCTIVOS**

Presidencia: Grupo II, CEG

• **Sesión 1/03** (20 de xaneiro)

Analízase o contido da proposta de Informe sobre O subsector agrogandeiro e forestal en Galicia e proponse distintas consideracións para mellora-lo seu contido.

• **Sesión 2/03** (10 de febreiro)

Analizado o contido da nova proposta de Informe sobre O subsector agrogandeiro e forestal en Galicia, as consideracións pendentes da anterior sesión e as novas consideracións presentadas nesta sesión, solicítase a inclusión no novo informe dalgunhas informacións pendentes.

• Sesión 3/03 (17 de marzo)

Acórdase que se inclúa nas consideracións do Informe sobre O subsector agrogandeiro e forestal en Galicia unha análise da problemática da aplicación da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia, e o seu futuro regulamento.

• Sesión 4/03 (31 de marzo)

Continúa o debate do contido do informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal en Galicia.

• Sesión 5/03 (14 de abril)

A Comisión debate as consideracións para elaboralo Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

• Sesión 6/03 (28 de abril)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade, coas observacións introducidas nesta sesión, o texto definitivo da proposta de Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e remiti-lo ó Presidente do Consello para a súa aprobación polo Pleno.

• Sesión 7/03 (8 de maio)

A Comisión Sectorial acorda aprobar, por unanimidade, coas observacións introducidas nesta sesión, o texto definitivo da proposta de Informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal en Galicia e remiti-lo ó Presidente do Consello para a súa aprobación polo Pleno.

• Sesión 8/03 (12 de xuño)

Comparecencia dos coordinadores do documento sobre Ava-

liación dos efectos económicos, sociais e ambientais provocados pola marea negra do Prestige para expoñe-los obxectivos, índice, métodos, prazos, equipo, etc. do proxecto.

• Sesión **9/03** (9 de outubro)

A Comisión debate o contido do Dictame sobre o Anteproxecto de lei de medidas tributarias e administrativas.

• Sesión **10/03** (16 de outubro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade, coas observacións introducidas nesta sesión, o texto definitivo da proposta de Dictame sobre o Anteproxecto de lei de medidas tributarias e administrativas e remiti-lo ó Presidente do Consello para a súa aprobación polo Pleno.

• Sesión **11/03** (27 de novembro)

Traballos para a elaboración do Dictame sobre o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia.

• Sesión **12/03** (4 de decembro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade, coas observacións introducidas nesta sesión, o texto definitivo da proposta de Dictame sobre o Anteproxecto de lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia e remiti-lo ó Presidente do Consello para a súa aprobación polo Pleno.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 2: SECTOR PÚBLICO E BENESTAR SOCIAL

Presidencia: Grupo III, Universidade da Coruña

- **Sesión 1/03** (16 de xaneiro)

Análise do contido da proposta de Informe sobre A situación socioeconómica da muller en Galicia.

- **Sesión 2/03** (6 de febreiro)

Debate das consideracións o Informe sobre A situación socioeconómica da muller en Galicia. Acórdase aprobar a proposta de integración das consideracións do capítulo de demografía, introducindo as modificacións debatidas nesta sesión.

- **Sesión 3/03** (24 de febreiro)

Debátese a proposta de aprobación do informe sobre A situación socioeconómica da muller en Galicia.

- **Sesión 4/03** (6 de marzo)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade, coas modificacións introducidas nesta sesión, a proposta de informe sobre A situación socioeconómica da muller en Galicia e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

- **Sesión 5/03** (24 de marzo)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade, coas modificacións introducidas nesta sesión, a proposta de dictame sobre o anteproxecto de Lei pola que se reforma a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, e remiti-la ó Presidente do Consello para a súa aprobación polo Pleno.

- Sesión **6/03** (20 de outubro)

Programación das sesións para a elaboración do informe sobre O financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

Acórdase que os tres membros do CES en representación das Universidades de Galicia remitan observacións de tipo metodolóxico para analizar os criterios de cuantificación e os indicadores a utilizar nas consideracións ó dito informe.

- Sesión **7/03** (10 de novembro)

Proposta de consideracións metodolóxicas para o informe sobre O financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

- Sesión **8/03** (1 de decembro)

Debate da primeira proposta de consideracións ó informe sobre O financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 3: DESENVOLVEMENTO REXIONAL

Presidencia: Grupo I, CC.OO.

- Sesión **1/03** (3 de novembro)

Acórdase a programación das sesións para a elaboración do Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. IV.- Área de Monforte-O Barco.

Acórdase pospoñer a elaboración do Informe sobre a área funcional de Ourense-Verín á terminación do Informe sobre a área funcional de Monforte-O Barco.

• **Sesión 2/03 (20 de novembro)**

Debátese a proposta de Consideracións para o Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. IV.- Área de Monforte-O Barco.

Acórdase remitir un borrador sobre as propostas do CES de Galicia ó grupo de traballo sobre Investigación, Innovación e Transferencias de Tecnoloxía de acordo cos pregos de condicións previas dos grupos de traballo do proxecto RTA no Programa de Iniciativa Comunitaria Interreg III B "Espacio Atlántico".

Acórdase que se presente un borrador similar para o grupo de traballo sobre Seguridade marítima, Portos e Hínterland, Transporte marítimo e cabotaxe: A intermodalidade entre os modos de transporte de mercancías.

Acórdase propoñer ó Presidente que presente, na vindeira Comisión Permanente, unha proposta ó Pleno para a realización dun Informe-opinión sobre o documento de execución (anualidade de 2002) do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006.

• **Sesión 3/03 (15 de decembro)**

A Comisión Sectorial acorda aprobar, por unanimidade, coas observacións introducidas nesta sesión, o texto definitivo da proposta de consideracións e o Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. IV.- Área de Monforte-O Barco e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

• **Sesión 4/03 (18 de decembro)**

Acórdase aproba-la achega do CES-Galicia ós pregos de condicións da RTA.

Acórdase a designación definitiva dos representantes do CES-Galicia nos grupos de traballo da RTA.:

Acórdase designar representante titular do CES-Galicia no grupo de traballo da RTA sobre "Seguridade marítima, Portos e Hínterland, Transporte marítimo e cabotaxe: A intermodalidade entre os modos de transporte de mercancías" a D. Santiago Lago Peñas, membro do CES en representación da Universidade de Vigo.

Acórdase designar representante titular do CES-Galicia, no grupo de traballo da RTA, sobre "Investigación, Innovación e Transferencias de Tecnoloxía", a D. Miguel A. Vázquez Taín, membro do CES en representación da Universidade de Santiago de Compostela.

Acórdase designar representantes suplentes do CES-Galicia, en ámbolos dous grupos de traballo da RTA ós membros do Consello pertencentes ás organizacións ás que corresponda a presidencia da Comisión Sectorial nº 3: Desenvolvemento rexional, en función da súa rotación anual.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 4: MEMORIA SOCIOECONÓMICA DE GALICIA

Presidencia: Grupo II, CEG.

- **Sesión 1/03** (26 de xuño)

Programación das sesións para a elaboración da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002.

- **Sesión 2/03** (3 de xullo)

Acórdase aprobar, coas observacións debatidas nesta sesión, a proposta de integración das consideracións sobre o capítulo 1 da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002.

• Sesión 3/03 (10 de xullo)

Acórdase aprobar, coas observacións debatidas nesta sesión, a proposta de integración das consideracións sobre o capítulo 2.- Emprego, da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002.

Acórdase solicitar do IGE distintos indicadores de presión medioambiental, definidos pola Eurostat no libro "Por uns indicadores de presión medioambiental para a UE".

• Sesión 4/03 (17 de xullo)

Acórdase aprobar, coas observacións debatidas nesta sesión, a proposta de integración das consideracións sobre o capítulo 3.- Sectores productivos, da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002.

• Sesión 5/03 (24 de xullo)

Acórdase aprobar, coas observacións debatidas nesta sesión, a proposta de integración das consideracións sobre os capítulos 4.- sector público e benestar social e 5.- Desenvolvemento rexional da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002.

• Sesión 6/03 (25 de setembro)

Acórdase aproba-lo borrador da "Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2002" e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente, como trámite previo á convocatoria do Pleno, en cumprimento do artigo 5º da Lei de creación do Consello.

Actividade institucional

Un dos elementos distintivos da actividade institucional do Consello Económico e Social de Galicia en 2003 foi a participación do organismo na Rede Transnacional Atlántica (RTA), que agrupa a institucións similares das rexións atlánticas das illas británicas, francesas, portuguesas e españolas.

Á marxe deste elemento novedoso, a axenda do presidente do CES-Galicia, que é o principal protagonista da actividade institucional do organismo, estivo marcada polas relacións cos membros da Xunta de Galicia, co Parlamento galego e cos outros Consellos Económicos e Sociais, ademais de outras de distinta índole mesmo internacional.

● **Encontros**

Como cada ano, o presidente e mailo secretario xeral do CES-Galicia participaron no encontro dos responsables dos Consellos Económicos e Sociais das Comunidades Autónomas, que en 2003 tivo lugar en abril en Toledo, organizado polo CES de Castela-A Mancha.

Ademais, o presidente do CES-Galicia mantivo unha fluída relación cos membros da Xunta de Galicia y co seu presidente, co que tivo a ocasión de compartir diversos actos institucionais ó longo deste ano.

● **Comparecencia**

A comparecencia anual do presidente do Consello diante da comisión de Presupostos do Parlamento de Galicia para presentar a actividade do ano e mailo orzamento correspondente ó 2004

tivo lugar o 27 de outubro. Como ven sendo habitual, os parlamentarios fixeron fincapé no bo labor do Consello.

• **Viaxes**

Xunto coas viaxes motivadas polas reunións preparatorias do proxecto RTA (a Bilbao e Burdeos, principalmente) e os habituais encontros de presidentes e secretarios xerais dos CES autonómicos, o presidente participou nunha visita de empresarios galegos á rexión polaca de Opole. Na visita, o presidente tivo ocasión de coñecer esta zona, que presenta certas similitudes con Galicia, ademais da capital, Varsovia, e entrevistarse con distintas persoalidades.

Tamén recibiu a visita na sede santiaguesa do Consello de representantes da Administración do estado mexicano de Jalisco, interesados en coñecer os sistemas de funcionamento do CES para a implantación dun organismo de características similares co obxecto de canalizar as propostas e demandas da sociedade civil organizada naquel país.

• **Cursos e xornadas**

As instalacións da sede do Consello Económico e Social de Galicia en Santiago de Compostela acolleron en 2003 varios actos organizados por entidades representadas no CES ou outras organizacións.

- Xornada sobre Coordinación sanitaria en España, organizada pola Federación de Sanidade de Comisións Obreiras.

- A sala do Pleno sirviu de marco para a celebración do Consello Intersindical Rexional, que reuniu en Santiago a representantes sindicais portugueses con membros de UGT e CC.OO.

- Sindicatos e empresarios reuníronse na sede do Consello para tratar do FORCEM.

- Coa invitación de CC.OO., celebrouse un coloquio con representantes do Movemento dos Sen Terra de Brasil.

Numerosos membros do CES participaron nun seminario sobre o accidente do petroleiro *Prestige* organizado polo Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela.

● **Proxecto RTA**

Participación do Consello Económico e Social de Galicia na Rede Transnacional Atlántica de socios económicos e sociais (RTA)

**(Acordo da Comisión Permanente de 07/01/2003,
ratificado polo Peno do Consello de 16/01/2003)**

A Rede Transnacional Atlántica de socios económicos e sociais (RTA) constitúe unha plataforma da sociedade civil organizada no Espacio Atlántico. Está composta polos Consellos Económicos e Sociais das rexións do Espacio Atlántico (Irlanda, Gran Bretaña, Francia, España e Portugal), con trece socios, un participante asociado e un observador.

A RTA inscríbese no programa "Estructuración policéntrica do Espacio Atlántico e desenvolvemento de polos de competencia", no marco da Iniciativa Comunitaria INTERREG IIIB "Espacio Atlántico" (2000-2006).

A RTA desexa contribuír, dentro dunha estratexia de desenvolvemento, a unha mellor integración das políticas aplicadas, mediante unha maior mobilización dos actores socioprofesionais. Por isto é necesario cooperación consolidadas, necesarias para incrementar a competitividade económica das rexións atlánticas e para acadar unha mellor cohesión social.

O Espacio Atlántico aínda constitúe un marco de cooperación débil, que non sempre responde a unha estratexia de conxunto. A RTA ten por obxecto sensibilizar e mobilizar ós actores socioeconómicos rexionais ós retos da integración e facer que sexan protagonistas dos cambios e de cooperación interrexionais atlánticas. Neste senso, elaborará propostas de políticas e proxectos de cooperación interrexional ó servizo da integración do Espacio Atlántico e mobilizará as redes socioprofesionais en torno a estas propostas de cooperación.

O Comité de orientacións da RTA, celebrado en Bilbao, o 19 de setembro de 2003, decidiu a implantación de dous grupos de traballo denominados:

Grupo 1.- Accesibilidade:

- Seguridade marítima
- Portos e Hínterland, Transporte marítimo e cabotaxe.

Grupo 2.- Investigación, Innovación e Transferencias de Tecnoloxía.

Cada socio da RTA designou a dous representantes en cada grupo de traballo (titular e suplente)

O Comité Executivo da RTA, na súa sesión do 7 de novembro de 2003, designou Presidente do grupo de traballo de Accesibilidade: Seguridade marítima, Portos e Hínterland, Transporte marítimo e cabotaxe, ó representante titular do Consello Económico e Social de Galicia.

A Comisión Sectorial nº 3, Desenvolvemento rexional, é a responsable da participación do Consello Económico e Social de Galicia na Rede Transnacional Atlántica de socios económicos e sociais (RTA). Na súa sesión de 18 de decembro de 2003 aprobou as seguintes **achegas do CES-Galicia** ós Pregos de Condicións Previos dos grupos de traballo da RTA:

Grupo de traballo 1.- Accesibilidade

1.- Seguridade marítima

O impacto social, económico e ambiental das mareas negras do buque Prestige en Galicia foi o acontecemento socioeconómico e medioambiental máis salientable para Galicia nos últimos anos. A primeira marea negra (13 novembro de 2002 a 19 novembro de 2002) produciuse polo regueiro que foi soltando o buque ata que afundiou. Unha segunda marea negra (19 novembro de 2002 a 10 decembro de 2002) produciuse durante o afundimento do petroliero e a partir da última data prodúcense afloramentos no lugar do sinistro.

O Consello Económico e Social de Galicia considera que o valor total do dano económico, social e mediambiental producido polo buque Prestige, seguindo a proposta de directiva sobre responsabilidade ambiental da UE, inclúe tanto o valor que as persoas obtiñan como consecuencia da utilización directa do recurso natural afectado como o valor atribuído ós hábitats e ás especies, co independencia da súa utilización directa.

Actualmente, a responsabilidade ambiental polo tráfico marítimo de hidrocarburos é do FIDAC. Dito órgano exclúe, da avaliación e reparación de danos sociais, os que podan exceder dos custos dos programas de limpeza e medidas “razoables” de restauración.

Dito marco de responsabilidades baséase en que as medidas de restauración compensables son as que sitúan o lugar danado no mesmo estado ecolóxico, e as que eviten que o derrame cause danos permanentes no medio marítimo.

O criterio do FIDAC exime ó causante do dano do pago total da súa responsabilidade por danos medioambientais de acordo cos criterios da proposta de Directiva de responsabilidade ambiental da UE. Os actuais límites de cobertura FIDAC nin sequera cubrirán os danos directos das mareas negras do buque Prestige en Galicia.

O CES-Galicia pretende contribuír á necesaria ampliación da actual

definición de danos, de toda natureza, causados pola contaminación das mareas negras de hidrocarburos: tanto os danos directos como os indirectos. A ampliación da definición supón a ampliación da responsabilidade e, por ende, do monto das indemnizacións do FIDAC. En todo caso, considérase necesario complementar a cobertura ampliada do FIDAC coa creación dun fondo de compensación comunitario.

Non obstante, O CES-Galicia considera que a medida máis eficaz para previr os futuros riscos da contaminación por hidrocarburos é a responsabilidade patrimonial e ambiental ilimitada de tódolos actores do transporte marítimo, de maneira que os procedementos de indemnización teñan en conta a reparación íntegra do conxunto de danos causados (dano emerxente e lucro cesante) por parte dos suxeitos responsables, e a consecvente inter-nalización dos custos ambientais totais.

A responsabilidade polos danos derivados da contaminación marítima procedente de buques está sometida a unha normativa internacional que, no esencial, está integrada polo Convenio Internacional sobre Responsabilidade Civil por Danos debidos á Contaminación por Hidrocarburos de 1969 (Protocolo de 1992) e o Convenio sobre “Constitución dun Fondo Internacional de Indemnización de Danos causados pola Contaminación por Hidrocarburos”, de 1971 (Protocolo de 1992). Ámbolos dous están vixentes en España desde xullo de 1996 e teñen sido asinados por 55 países (a exclusión máis significativa é a de EEUU que se rixe, nesta materia, pola Oil Pollution Act de 1990). Non tódolos países signatarios, sen embargo, incorporaron o protocolo de 1992, polo que a aplicación do Convenio sobre Responsabilidad Civil pode ter distinto alcance nuns casos fronte a outros.

A responsabilidade polos mencionados danos faise recaer de xeito principal sobre o propietario rexistral do buque (aínda que en determinadas circunstancias a reclamación pode dirixirse contra outros actores: armador, fletadores, axentes do propietario... se se demuestra que actuaron intencionada ou temerariamente).

A responsabilidade defínese como obxectiva (sen culpa) pero contémpanse algúns supostos de exoneración, tales como que o sinistro se deba a forza maior imprevisible e insuperable, a un acto de guerra, á acción delibe-

rada dun terceiro ou á negligencia dun goberno ou autoridade no mantemento das axudas á navegación.

Como contrapartida de esta responsabilidade obxectiva, establécese un límite a esta responsabilidade que ascende, desde o 1 de novembro de 2003, á cantidade de 4.510.000 de Dereitos Especiais de Xiro (DEX) para os buques de arqueo inferior a 5.000 toneladas, máis 631 DEX adicionais por cada tonelada que supere as 5.000, cun límite máximo de 89.770.000 DEX. Esta limitación da responsabilidade decae se no accidente existiu dolo (intención) ou temeridade consciente da empresa propietaria. A cobertura do seguro (que é obrigatoria para os buques matriculados nun dos Estados signatarios do Convenio) implica que os afectados poden dirixir directamente a reclamación contra a Compañía aseguradora.

A constitución de fondos especiais de indemnización de danos presentouse como medida complementaria para, a través de aportacións adicionais, procura-la indemnización dos danos producidos que non estiveren axeitadamente cubertos como consecuencia dos indicados límites á responsabilidade dos propietarios dos buques causantes da contaminación. Naturalmente, os devanditos fondos non terían necesidade de existir (alo menos na súa configuración actual) se o sistema vixente impuxera a obrigatoriedade de seguros que cubriran de xeito ilimitado os danos producidos.

Desde hai varios anos véñese postulando a adopción de medidas para supera-las carencias do sistema:

- En primeiro lugar, facendo recaer directamente a obriga de indemnizar sobre tódolos principais actores da expedición marítima (propietarios, navieros armadores, fletadores e sociedades de clasificación, principalmente)
- En segundo lugar, substituindo o sistema limitado da responsabilidade por un sistema de responsabilidade ilimitada que cubra a totalidade dos danos ocasionados por un determinado sinistro.
- En terceiro lugar, obrigando ós buques que transporten as mercancías contaminantes a contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra con carácter ilimitado a totalidade dos danos producidos.

Cas dúas medidas anteriores non só se pretende mellora-las condicións de reparación íntegra dos danos causados, senon introducir un mecanismo preventivo de importancia capital para evita-la produción de sinistros, habida conta do control que sobre as condicións de navegabilidade haberían de esixi-las Compañías aseguradoras (ós propietarios armadores e ás propias Sociedades de Clasificación) antes de suscribir unha póliza para garanti-la cobertura dos danos producidos.

As expresadas medidas requiren dun cambio sustancial do devandito Convenio Internacional sobre Responsabilidad Civil e moi probablemente tamén unha reforma dos Estatutos da Organización Marítima Internacional. Cómpre ter en conta que a raíz da catástrofe do Exxon Valdez en 1989, os EEUU promulgaron a mencionada Oil Pollution Act, que obriga a tódolos buques que entran en augas americanas a demostrar que dispoñen de esa cobertura ilimitada dos danos producidos por un accidente. A Union Europea ten a obriga de facer outro tanto, levando a cabo tódalas actuacións que foran necesarias para harmoniza-los intereses implicados (dos armadores, fletadores, por unha banda, e da poboación damnificada, por outra).

O CES-Galicia, ó asinar cos CES do Arco Atlántico a Declaración Conxunta de decembro de 2002 Por una auténtica seguridade marítima europea, declarou explicitamente que era “necesario propoñe-la urxente modificación do actual sistema de responsabilidade limitada, establecendo xurídicamente a responsabilidade patrimonial ilimitada de tódolos actores do transporte marítimo, de xeito que os procedementos de indemnización teñan en conta a reparación íntegra do conxunto de danos causados (dano emerxente e lucro cesante) por parte dos suxetos responsables”.

2.- Portos e Hinterlands, transporte marítimo e cabotaxe: a intermodalidade entre os modos de transporte de mercadorías

A posición xeo-económica excéntrica das rexións periféricas e atlánticas da UE pode contemplarse como un factor negativo que favorecería a polarización e concentración da produción, a poboación e mailo desenvolvemento social noutras áreas e rexións, ou ben como un factor de posibili-

dade para desencadear efectos de difusión e localización centrífuga de actividades, poboación e desenvolvemento.

Cando se contempla desde esta segunda perspectiva pasa necesariamente ó primeiro plano o factor portuario e transoceánico, de apertura cara ó exterior e de múltiples actividades vencelladas co mar (pesca, cultivos mariños, transporte de materias primas e enerxía, construción naval, loxística, manufacturas de ensamblaxe a grandes distancias, etc.) ou de pórtico-interface de entrada/saída da meirande parte dos fluxos comerciais da UE fóra de Europa. Este factor de posibilidade non foi, agás contadas excepcións, suficientemente posto en valor en moitas rexións atlánticas a pesares de que en todas elas é moi sinxelo atopar importantes actividades económicas que non se poderían explicar en ausencia do dito factor.

A posta en valor da posición xeo-económica transoceánica para reducir a polarización do crecemento na UE e favorecer a súa difusión cara ás rexións periféricas pasa inexcusablemente por definir e potenciar selectivamente en cada rexión un ou dous centros-hubs internacionais de transporte combinado e/ou intermodal. Os ditos centros en forma de redes urbanas portuarias(1) asociadas a portos secos, centros loxísticos integrados e superficies de localización industrial, debieran considerarse prioritarios na dotación de infraestructuras.

Moi singularmente dotar a esas redes portuarias de corredores este-oeste de transporte terrestre ferroviario de altas prestacións (dobre vía, electrificación, etc.) para mercadorías; para, de este xeito, desconxestionar o transporte por estrada, mellorar a calidade ambiental, a eficiencia enerxética e –ó mesmo tempo– facer posible a diversificación do canal ferroviario, en declive e apenas para os graneis, á loxística “justo a tiempo” de mercadorías elaboradas. Pero tamén de todas as vencelladas ás TIC (tecnoloxías de información e comunicación) que permitan o control e a xestión en tempo real das cargas e o conxunto do canal-cadena de transporte.

Máis aló das portunidades do cabotaxe intraeuropeo (especialmente p. exe. no colo de botella que supoñen os Pirineos entre a península ibérica e o resto de Europa; entre outros exemplos posibles) a posta en valor dos devanditos hubs portuarios internacionais e da súa conexión terrestre trans-

versal coas rexións interiores convertiríase nun factor de oportunidade para novos negocios e actividades desde/cara a o continente americano (centro e sur sobre todo), África e as economías asiáticas. E todo isto tanto para investidores locais, para investimento directo desde outras rexións europeas non periféricas ou litorais, así como aquela estrictamente extranxeira.

Con todo isto as rexións atlánticas favorecerían a súa apertura económica –e social– cara ó exterior que é, sen dúbida, un factor clave para o desenvolvemento económico en calquera lugar do mundo.

Grupo de traballo 2.- Investigación, innovación e transferencias de tecnoloxía.

Análise de partida

Cada día os novos coñecementos xeran riqueza, e son aquelas sociedades que máis involucradas están nestes procesos de constante innovación as que ven como o seu benestar económico e social mellora dunha forma máis rápida e sostida.

Neste contexto, a complexidade tecnolóxica e a economía de recursos que caracterizan actualmente os procesos de innovación, sitúan a clave da súa eficacia na optimización dos procesos de interrelación entre os axentes científico, tecnolóxico, productivo, social e financeiro. A ciencia e a tecnoloxía, como motores do cambio e do crecemento económico, adquiren todo o seu valor no marco rexional cando se establece un conxunto de complexas relacións entre axentes moi diferentes –empresas, universidades, administración e, por qué non, os propios cidadáns– que, interactúan e aprenden colectivamente rentabilizando capacidades e recursos.

As sociedades menos desenvolvidas necesitan, pois, que a investigación e a innovación tecnolóxica, sexan asumidas como tarefas colectivas, nas que as empresas, a administración e os organismos públicos de investigación, cooperen entre si, apoiándose mutuamente e asumindo as súas responsabilidades como parte dun sistema único cunhas metas comúns.

Nesta liña, todos os documentos que desde o Consello Europeo de Lisboa se teñen producido derivados da Comunicación da Comisión Europea “Hacia un Espacio Europeo de Investigación”, fan referencia á prioridade de centrar á atención das políticas de innovación no grao de eficacia dos procesos de transferencia de coñecementos e o papel que sobre a innovación debe xogar a xeración de novos coñecementos e capacidades –particularmente desde o papel activo das institución públicas de investigación–. Así, establécese, dunha banda, a importancia de introducir nos obxectivos da investigación criterios económicos de crecemento e competitividade rexional, e doutra, enfatizando a urxencia de revisar e propoñer melloras nos procesos de relación universidade-empresa a través da optimización dos mecanismos de transferencia de coñecementos e tecnoloxía.

É neste contexto no que debe valorarse a perspectiva rexional deste traballo, e, en particular, a situación específica de Galicia a hora de definir os obxectivos do proxecto RTA plantexado pola Rede Transnacional Atlántica de Axentes Económicos e Sociais.

Nesta liña, calquera dos indicadores que se poidan utilizar para medir a capacidade de Investigación, Innovación e Transferencia de Tecnoloxía en Galicia sitúanos por baixo da media nacional e europea. Pero as diferencias máis relevantes do Sistema de Innovación en Galicia respecto dos Sistemas de Innovación nas rexións e países máis desenvolvidos atopámolas

- no baixo compromiso do sistema empresarial cos procesos de innovación en xeral e de investigación en particular,

- na debilidade das relacións entre os axentes do sistema de innovación rexional e, por ende, a feble articulación e potencialidade do propio sistema.

O anterior tradúcese en serias limitacións do noso Sistema de Ciencia-Tecnoloxía-Empresa-Sociedade, citando como aspectos claramente mellorables, entre outros, os seguintes:

(i) Debilidade da inversión en I+D da industria do noso entorno, o que dificulta a financiación e desenvolvemento de obxectivos de I+D definidos autónomamente. Isto implica que iniciativas e proxectos innovadores lidera-

dos desde o entorno público rematen en fases prematuras, sen ser validados tecnoloxicamente e, polo tanto, rentabilizados os esforzos e inversións públicas realizadas

(ii) Debilidade da articulación e cooperación entre os distintos axentes do Sistema de Innovación.

A baixa colaboración entre investigadores, universidades e empresas motiva un escaso aproveitamento dos coñecementos xerados. A pesares do incremento no nº de relacións e servicios demandados pola empresa ás universidades nos últimos anos, un análise detallado do alcance, tanto económico coma en obxectivos, permite afirmar que as relacións establecidas son de baixo perfil e escaso risco. Por unha parte, as relacións son esporádicas e coxunturais, guiadas por unha demanda case que exclusiva de servicios tecnolóxicos de escaso valor engadido e, case que sempre, carente de obxectivos en investigación. Por outra, as universidades teñen un control escaso do valor da súa oferta, e as empresas, en xeral, valoran economicamente moi baixo as actividades de investigación, pagando como servicios tecnolóxicos pretacións que deben levar asociado un valor de know how elevado.

A empresa galega, en xeral, parece aínda lonxe de asumir os custos e riscos que implican o desenvolvemento de actividades de I+D realmente prospectivas e innovadoras e, polo tanto, de rentabilizar as capacidades reais da oferta de I+D pública.

(iii) Baixa tradición en promover asociacións entre o sector público e o privado en ámbitos de I+D. O que está a dificultar o desenvolvemento das necesarias infraestructuras e servicios tecnolóxicos que deben dar soporte, masa crítica e continuidade os procesos de innovación e transferencia de tecnoloxía.

Esta circunstancia resulta de especial relevancia para o desenvolvemento dos procesos de innovación no importante tecido empresarial que constitúen as PEMEAs en Galicia. As dificultades na interlocución e accesibilidade, as diferencias en tamaños e capacidades, así como a dispersión que caracteriza este colectivo empresarial, esixen de mecanismos de relacións mais colexiados que soamente poden darse a partires da propia organización, sectorial ou tecnolóxica, destas empresas. A súa organización en cluster, centros de innovación, etc., soportados na cooperación co sector público de I+D (en especial nas universidades) resulta indispensable para favorecer estes procesos.

(iv) Debilidade do Sistema Público de I+D rexional para liderar e soste-
r os procesos de innovación.

As Universidades galegas reflexan un claro esforzo por manter un papel activo en materia de investigación e, particularmente, no proceso de transferencia do seu coñecemento -especialmente a través dos contratos e servicios de I+D-, como vía para manter unha activa relación coas empresas. O mesmo tempo, todos os indicadores reflexan que estas institucións representan a base científica esencial da comunidade autónoma, con recursos e capacidade para participar activamente nos procesos de xeración de novas oportunidades no desenvolvemento tecnolóxico rexional. Debería, polo tanto, estar asumido a oportunidade de sustentar gran parte das iniciativas e procesos innovadoras no fortalecemento das capacidades das nosas universidades.

Nembargantes, as estruturas de investigación universitaria caracterízanse pola súa escasa masa crítica e a súa debilidade organizativa –tanto financeira como en recursos humanos–, condicionando o seu papel e continuidade.

(v) A todavía limitada tradición das estruturas e instrumentos de transferencia para favorecer a articulación do Sistema de Innovación Regional e, en particular, para promover a creación de novas empresas de base tecnolóxica.

(vi) A lentitude normativa para favorecer as novas situacións xeradas pola rápida transformación da sociedade e das institucións xeneradoras de coñecemento con motivo do novo orde establecido pola globalización económica e científica.

Atopámonos nun momento no que debemos abordar urxentemente melloras e cambios innovadores relevantes e incrementais que posibiliten a superación das debilidades constadas e propicien unha rápida integración e optimización dos procesos de innovación rexional.

Para acometer esta tarefa resulta indispensable, entre outros factores, o papel activo da administración rexional como axente dinamizador e regulador do Sistema de Innovación. Unha análise comparada do papel das administracións en entornos rexionais similares permite afirmar o seguinte:

- As administracións, en especial en entornos locais e rexionais, son responsables de orientar, priorizar, concentrar e facilitar as actividades científicas e tecnolóxicas dos centros de investigación e das súas infraestructuras, tanto para conseguir a excelencia e a referencia científica indispensables para o desenvolvemento de novas capacidades tecnolóxicas, como para conseguir a súa transferencia efectiva a un sistema productivo que, no entorno regional, debe ser promovido e apoiado de acordo as súas especificidades. Nembargantes, as actuacións promovidas pola administración galega caracterízanse pola excesiva dispersión en canto a obxectivos.

- As Políticas Públicas de Innovación nos entornos mais desenvolvidos baseanse nun claro compromiso coa Transferencia de Tecnoloxía e as relacións entre os axentes do Sistema de Innovación rexional.

Se ben as políticas públicas en Galicia comezan a integrar coma unha prioridade o papel dos procesos de transferencia de tecnoloxía, a materialización desta prioridade é aínda moi feble en canto o desenvolvemento de instrumentos e políticas activas ó respecto, así como caracterízanse por presentar unha visión fragmentada dos procesos de transferencia de tecnoloxía.

As administracións, co obxectivo de acelerar os procesos de innovación, teñen acuñado un criterio sesgado sobre a transferencia de tecnoloxía, entendendoa somentes coma unha acción de comercialización, no lugar dun proceso complexo e interactivo. Esta circunstancia enfatiza nas políticas o papel dos axentes tecnolóxicos e dos servicios, primando a absorción de tecnoloxía sobre os procesos de desenvolvemento de tecnoloxía.

A transferencia de tecnoloxía desde o sector público de I+D ó sector productivo materialízase a través dun proceso que comprende desde o desenvolvemento de novas capacidades e coñecementos ata a súa transferencia efectiva, implicando un conxunto de funcións diversas:

- organización e xestión da investigación con obxectivos productivos
- xestión das relacións U-E e do marco contractual no que se materializan
- xestión de resultados (tecnoloxías, patentes, licencias...)
- promoción e comercialización
- detección e xestión de novas empresas

- incubación e preincubación
- infraestructuras de servicios

As políticas de transferencia de tecnoloxía deben actuar desde unha perspectiva integradora do proceso, deseñando instrumentos adecuados a cada unha das funcións, así como favorecendo o desenvolvemento e consolidación de estruturas especializadas e viables para a súa xestión.

Como consecuencia das limitadas actuacións neste ámbito en Galicia, son aínda escasas as estruturas de intermediación e de servicios avanzados de innovación, e, ademais, a súa debilidade estrutural contrasta coa concentración de funcións que asumen.

Doutra banda, o noso Sistema adolece de prácticas e iniciativas que promovan a interacción e converxencia das estruturas existentes, favorecendo a complementariedade e a rentabilización de economías de escala nos seus obxectivos e funcións.

Liñas de actuación do Proxecto RTA

Á vista da análise anterior, e considerando os obxectivos estratéxicos plantexados na proposta efectuada pola Rede Transnacional Atlántica de Axentes Económicos e Sociais, o proxecto RTA debería establecer as liñas de actuación seguintes:

I. Establecer unha priorización dos obxectivos científico e tecnolóxicos acorde coa especialización competitiva do sistema productivo e económico rexional sobre os que, como modelo e experiencia, deberán proxectarse o conxunto de accións referidas mais abaixo.

Atendendo os presupostos da proposta RTA, pódese recomendar traballar nos seguintes ámbitos:

- Biotecnoloxía Mariña (existen importantes capacidades xa disponibles) e/ou Biotecnoloxía Agroalimentaria (campo aínda moi débilmente desenvolvido en Galicia)
- Seguridade Alimentaria (ámbito de impacto relevante sobre impor-

tantes sectores económicos rexionais).

En calquera caso, a definición dos obxectivos científicos e tecnolóxicos a priorizar, deberá ser establecida en converxencia cos socios internacionais do proxecto e a partires dunha reflexión máis elaborada.

II. Sondar con criterios prospectivos e de vixilancia tecnolóxica, a percepción e demanda empresarial asociada ó ambito tecnolóxico priorizado.

III. Analizar as infraestructuras e modelos organizativos da investigación e a xestión da innovación en Galicia, potenciando a integración de recursos e a complementariedade institucional nos ámbitos priorizados. Así, e no contexto das prioridades establecidas, deberían establecerse liñas de actuación para:

- Definir as condicións máis efectivas (Contratos Programa; Financiación por obxectivos; Políticas de persoal investigador...) necesarias para a consolidación e sostenibilidade de Grupos de Competencia (Institutos de investigación especializados; Centros tecnolóxicos, unidades de servizos...)

- Analizar o valor de Iniciativas de Cooperación Tecnolóxica e Alianzas Público-Privado en innovación (Centros Mixtos; Parques Científicos, Alianzas Empresariais...) que posibilitan a especialización e a interacción efectiva Universidade-Empresa

- Analizar o Marco Normativo definindo os procesos idóneos para a promoción de novas Iniciativas Empresariais (EBTs)

IV. Realizar unha revisión dos procesos de xestión da innovación e de relación entre os distintos axentes do sistema de innovación regional, desenvolvendo novos mecanismos e estruturas para a transferencia de coñecemento e tecnoloxía.

Como resultado desta liña de acción deberían definirse as condicións para materializar unha rede estable e competitiva de estruturas de intermediación e apoio á innovación con capacidades para:

- Ofertar ó Sistema de Innovación rexional unha ampla gama de servicios integrados, complementarios e especializados que van desde a información tecnolóxica á formación continua, provisión de recursos humanos cualificados, provisión de servicios tecnolóxicos, xestión de proxectos de I+D, comercialización de tecnoloxías, xestión de patentes, relacións internacionais en I+D...

- Proveer de entornos físicos e relacionais xestionados profesionalmente, propiciando un entorno favorable e solvente tecnoloxicamente para as relacións efectivas en I+D e en innovación dos distintos axentes do sistema, así como o desenvolvemento de novas empresas e sectores innovadores.

- Aunar capacidades científicas e tecnolóxicas dispersas para acometer retos avanzados e actuacións multidisciplinares, posibilitando a obtención de resultados integrados de fácil absorción empresarial.

- Implicarse no desenvolvemento das estratexias tecnolóxicas dos sectores rexionais, favorecendo a definición de obxectivos de alcance que permitan a súa competitividade a longo prazo.

● **Convenio coa Universidade de Vigo**

O CES-Galicia e a Universidade de Vigo asinaron, o 29 de outubro de 2003, un convenio co obxecto de proceder á elaboración, por parte da UV, dunha proposta de "**Evaluación dos efectos económicos provocados polos verquidos de fuel derivados do buque Prestige**". O informe realizarase de acordo co seguinte índice, proposto polo Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo:

1. Introducción: obxectivos, marco institucional e metodoloxía

2. O PIB cesante

2.1. Identificación e cuantificación das actividades directamente afectadas
+ Descrición das actividades directamente afectadas (pesca, marisqueo, acuicultura, hostalería, restauración, ...)
+ inserción no tecido productivo de Galicia
+ vinculación con outras ramas de actividade
+ estudos previos neste e noutras mareas negras

2.2. Cuantificación das perdas económicas no complexo económico dos alimentos derivados do mar
+ escenario cero e indicadores de impacto

- + produción, valor engadido e emprego
- + avaliación dos efectos a curto (2003) sobre a produción
- + os gastos paliativos e os programas de recuperación
- +reclamacións e indemnizacións

2.3. Cuantificación das perdas asociadas ó uso turístico do litoral

- + escenario cero e indicadores de impacto
- + o sector regrado e os usos non regrados
- + produción, valor engadido e emprego
- + pernoctas e perdas en establecementos 2003
- + gastos paliativos e programas de recuperación
- + reclamacións e indemnizacións

2.4. Os impactos encadeados das actividades primarias

- 2.4.1. efectos sobre a oferta intermedia
- 2.4.2. efectos sobre a demanda intermedia
- 2.4.3. efectos sobre a demanda final
- 2.4.4. agregación anual e intersectorial

2.5. Anexos A: Enquisas PIB cesante

- + Obxectivo: estimación do impacto sobre a actividade (produción, valor engadido, emprego, ...), sobre estratexias empresariais, sobre programas paliativos e indemnizacións, etc. ano 2003
- + Poboación: panel empresas alimentarias (mar-industria) e de hostaleira direct. afectadas
- + Mostra: aprox. 1500 enquisas (telefónica e/ou persoal)

3. Perdas de beneficios recreativos relacionados co uso do litoral galego

3.1. Valoración da diminución dos usos recreativos de usuarios non regrados

- + fin de semana e segundas residencias
- + excursións e usos dentro do concello
- + a oferta extrahoteleira

3.2. Avaliación das perdas de utilidade

3.3. Anexo B: Enquisa de danos ós beneficios recreativos

- + obxecto valorado: perdas en beneficios recreativos relacionados co uso do litoral afectado.
- + poboación: poboación galega
- + mostra: aprox. 900 enquisas en fogares galegos.


4. Conclusións.

4.1. Os efectos económicos da marea negra do Prestige incluídos neste estudio.

4.2. Outros efectos non abordados neste estudio.

Actividade técnico-administrativa

Organigrama técnico-administrativo



- O responsable do **Gabinete da Presidencia** asume as funcións de coordinación final das tarefas do Consello e tamén as relacións externas e de comunicación do organismo. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do secretario xeral, do seguimento do proceso dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e das publicacións do CES.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

O gabinete asume tamén as funcións de coordinación das publicacións institucionais do Consello, entre elas a presente memoria. Como en anteriores ocasións, inclúense os dictames emitidos polo CES a texto completo. Tanto a memoria como os dictames e os outros traballos publicados polo CES-Galicia poden tamén ser consultados na páxina web do Consello: **www.ces-galicia.org**.

- O **Gabinete Técnico**, composto por dous expertos economistas, é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e dictames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. A súa función é trata-las referencias estatísticas que se consideren pertinentes para o traballo, analízalas e preparar unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais.

O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e dictames que está a elaborar o Consello, agás as correspondentes

consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

Dentro das súas funcións está asimesmo a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- A responsable do **Departamento de Xestión** encárgase de tódalas funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servizos e suministros, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo, ademais do asesoramento xurídico-administrativo ó Consello.

- O **Centro de Documentación** é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ó Pleno do CES tódolos datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Ter a disposición dos membros do Consello tódolos fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis ampla gama de soportes e xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

O responsable do Centro de Documentación e apoio ó Consello segue a cumprir o seu papel como unha das piezas claves para o correcto e máis eficiente funcionamento do CES. A súa función é facilitar ós membros do Consello e ó Gabinete Técnico tódolos materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións.

O Centro de Documentación e Apoio ó Consello ofrece información especializada na área socioeconómica ós membros do CES-Galicia e ó persoal técnico deste. Constitúese como un soporte informativo-documental para a elaboración dos informes, dictames e outros traballos realizados polo organismo.

Aínda que o seu obxectivo fundamental é facilitar os últimos e máis fiables datos ós membros do Consello, o Centro de Documentación está aberto a calquera cidadán que necesite dispoñer de información especializada na realidade económica e social de Galicia, tanto nos soportes tradicionais como a través das novas tecnoloxías da información. De feito, internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento nestas últimas datas.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ó traballo diario e mais á relación cos seus membros. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello en internet.

Unha vez consolidada a posta a punto da rede que permite conectar e operar dun xeito conxunto a tódolos ordenadores do CES, tanto dos seus servizos internos como os asignados ós distintos grupos representados no Consello, e rematadas as xestións para o acceso ás redes informáticas externas, tanto nacionais como internacionais –o que permite acceder desde as dependencias do CES a calquera base de datos ou arquivo informático de información existente no mundo–, os técnicos da unidade deseñaron e “colgaron” na rede unha páxina web propia do Consello, independente pero integrada no sitio da Xunta de Galicia, e vinculada, a través dos correspondentes enlaces cunha páxina común de tódolos Consellos Económicos e Sociais de España.

O traballo conxunto dos servizos informáticos e mailo Centro de Documentación permite que, dun xeito case que inmediato, os

membros do Consello dispoñan da práctica totalidade da información existente sobre un determinado asunto obxecto de análise por parte do CES e, xa que logo, que as conclusións dos dictames, estudos ou informes que elaboren as distintas comisións e aprobe o CES estean baseados nos datos máis fiables e actualizados.

Calquera membro do Consello pode solicitar do Centro de Documentación a información sobre calquera materia que necesite para os seus traballos. Desde este servizo, ben a través dos fondos propios ou ben, vía rede informática, nas bibliotecas o centros de datos de calquera parte do mundo, se lle facilitan as principais referencias existentes sobre o asunto. Deste xeito, os membros do Consello teñen á súa disposición as máis importantes bases de datos do mundo desde a pantalla dos ordenadores instalados nas oficinas dos seus grupos na sede do Consello.

- Tres **auxiliares administrativos** técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do Departamento de Xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

Actividade administrativa

Segundo a estrutura dos servizos administrativos do Consello que se viu nas páxinas anteriores, este apartado é unha somera descrición do seu traballo no ano 2003.

Gabinete da Presidencia

A utilización do correo electrónico –agás en determinados casos con documentación moi voluminosa– consolidouse como a vía de comunicación interna cos membros do Consello, tanto para facer chegar as convocatorias ás distintas sesións como para remitir a documentación correspondente. A meirande parte dos membros do CES-Galicia fai chegar as súas aportacións ós traballos tamén por esta vía.

Na vertente da comunicación externa, a base da política de exteriorización é a publicación dos traballos do Consello e a súa remisión ós líderes de opinión do entorno socioeconómico de Galicia (cargos políticos, parlamentarios, profesores universitarios...) e a institucións de fóra de Galicia (como outros CES, comunidades galegas no exterior...), así como a súa presentación pública –cando se estima oportuno– a través dos medios de comunicación.

Unha vez aprobado un informe, a súa exteriorización comeza cunha rolda de prensa de presentación ós medios de comunicación, que serve para que o conxunto da sociedade teña noticia da opinión do Consello sobre o asunto de que se trate. De seguido, faise un envío da publicación a institucións e persoeiros seleccionados. Nas presentacións, o presidente do Consello fala da xénese do traballo, das distintas fases do mesmo e remite ó seu contido, ás consideracións, sen salientar ningunha delas en concreto. O obxectivo desta política é non destacar un só aspecto de un estudo –memoria, informes...– que, pola súa propia natureza, é sempre complexo.

Como cada ano, tivo unha boa acollida na prensa a publicación da “Memoria sobre a situación económica e social de Galicia”, correspondente neste caso a 2002. O seu contido foi de interese informativo en tódolos medios de comunicación de Galicia, que recolleron algunhas das consideracións aportadas polos membros do CES neste traballo.

O mesmo cabe dicir da presentación dos outros traballos aprobados polo Pleno do Consello ó longo de 2003. O traballo de presentación ós medios a través da devandita rolda de prensa complementouse, en ocasións, cunha carta persoal dirixida ós directores dos principais medios na que o presidente do CES daba conta da aprobación dun determinado informe e destacaba a súa importancia informativa. Con esta iniciativa, logrouse que os máximos responsables dos máis importantes diarios, emisoras de radio e cadeas de televisión tivesen nas súas máns –ademais de nas súas correspondentes redaccións– senllos exemplares dos traballos do Consello.

Xunto a información puntual recollendo as distintas presentacións de informes ou informes-opinións do CES, estes traballos tamén serviron como base para distintas reportaxes que aproveitaron os datos recollidos nos mesmos e que foron publicados preferentemente nas fins de semana.

Departamento de Xestión

O presuposto do CES-Galicia inclúese nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma, como Sociedade Pública adscrita á Consellería de Economía e Facenda. No exercicio de 2003 o CES contou cun orzamento de 985 miles de euros (961 miles de euros en orzamento de explotación e 24 miles de euros en orzamento de capital). O balance de situación do CES a 31 de decembro de 2003 foi o seguinte:

CES-GALICIA: BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/03
(euros)

ACTIVO	462.498,77
Mobiliario	175.855,53
Informática	58.971,47
Elementos transporte	21.023,40
Amortización inmovilizado	-98.132,55
Créditos a C.P. ó persoal	200,00
Banco	304.580,92
PASIVO	462.498,77
Patrimonio	255.967,13
Acreedores obrigas recoñecidas	6.183,16
Facenda acreedora	20.303,43
Seguridade Social	1.297,68
Muface	77,02
Ingresos anticipados	178.670,35

Centro de Documentación

- *O Centro de Documentación como apoio ós traballos do CES-Galicia*

O principal labor do Centro de Documentación do CES-Galicia é actuar como servizo informativo de apoio ás actividades dos membros, técnicos e persoal do Consello na elaboración dos informes, dictames e resto de traballos do Consello.

Do mesmo xeito, como organismo da Administración galega, o Centro de Documentación atópase aberto ó público en xeral e recibe consultas e solicitudes de búsquedas de información especializada na economía e sociedade galegas.

BUSQUEDAS DE INFORMACIÓN	
(búsquedas bibliográficas, consultas de referencia, etc.)	
INTERNAS	64
Respostadas	64
Distribución segundo o seu destino	
Elaboración de Informes/Dictames	41
Elaboración da Memoria socioeconómica	19
Outros	4
EXTERNAS	23
Respostadas	16

O Centro de Documentación tamén actúa como canalizador das necesidades informativas do CES. Para iso, leva a cabo unha ampla labor de xestión e adquisición de fontes de información, especialmente orientada á realización dos traballos do propio CES así como ó mantemento dunha colección bibliográfica especializada.

SOLICITUDES E PETICIÓNS	
(peticións de datos para traballos do CES)	
TOTAL	141
Respostadas	97
Distribución segundo o seu destino	
Elaboración de Informes/Dictames	36
Respostadas	23
Elaboración da Memoria socioeconómica	95
Respostadas	62
Outras	20
Respostadas	12

• *A colección bibliográfica e a súa xestión*

FONDOS BIBLIOGRÁFICOS Segundo o seu soporte

PAPEL

Monografías (libros, publicacións colectivas, actas de congresos, informes, estudos, recopilações legislativas...) 2.586

Publicacións periódicas (revistas, prensa en xeral e documentos de traballo) 153

CD-ROM 111

O Centro de Documentación do CES-Galicia otorga especial importancia á xestión da súa colección de publicacións periódicas, epigrafe baixo o que se inclúen tipoloxías como as revistas, os documentos de traballo e a prensa en xeral. Os datos básicos sobre a Hemeroteca do CES-Galicia son os seguintes:

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Segundo a súa tipoloxía

Revistas	133
Documentos de traballo	17
Prensa diaria	3

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Segundo a súa actualidade

Publicacións abertas	106
Publicacións pechadas (xa non se reciben)	44

Segundo o seu modo de ingreso

De pago (suscripción)	17
Gratuitas (canxe ou doazón)	136

Con versión electrónica ou dixital

A texto completo	70
Versión parcial (resúmenes, sumarios...)	6

- *O proxecto* Bases de datos Documentais

Durante o ano 2003, o Centro de Documentación comenzou a desenvolver este proxecto co obxectivo final de facer accesibles todas as súas bases de datos, bibliográficas e documentais, a través dun único *software* e unha única plataforma de consulta.

Para iso, adquiriuse o software Inmagic DB/Textworks, programa de xestión de bases de datos documentais a texto completo con diferentes posibilidades de indexación e coa posibilidade de asociar imaxes ós rexistros, así como de lanzar dende o propio programa outras aplicacións habituais como as incluídas no Microsoft Office, documentos en formato PDF, navegadores de Internet, etc.

A finais de 2003 atópanse accesibles en liña 2 bases de datos das que xestiona o Centro de Documentación:

- Catálogo: base de datos bibliográfica, con referencias de monografías, publicacións periódicas e artigos vaciados, e con acceso directo no caso de que existan versións electrónicas

- Control CD: base de datos documental, que permite coñecer cal é o estado das peticións de información feitas polo Centro de Documentación para a realización de traballos e estudos do CES e para as súas tarefas propias e acceder ós documentos enviados dun xeito áxil e eficaz

Una terceira base de datos, chamada Recursos, está aínda en probas: trátase dunha selección dos mellores recursos de información sobre economía e sociedade galegas, organizados tematicamente e existentes na Rede, en papel ou noutros formatos.

Posteriormente a esta selección, o listado de todos os recursos tamén será accesible dende a páxina web do CES Galicia.

O longo do ano 2004 agárdase a incorporación doutras bases de datos a este sistema que pode ser consultado en liña dende calquera ordenador existente na sede do CES Galicia.

- *O Boletín-e*

O Boletín de Novidades que viña realizando o Centro de Documentación experimentou unha importante transformación no seu deseño e contidos dando paso a unha nova etapa. A aparición do novo Boletín-E, con periodicidade quincenal, tenta dar conta ós seus usuarios, non soamente das publicacións incorporadas ó Centro (facilitando acceso directo a aquelas que posúen unha versión dixital) senón tamén dar conta por unha banda, das novas publicacións (estudios, informes, dictames) que realiza o propio CES e o resto de Consellos do Estado, e por outra, seleccionar e informar de recursos en Internet, especializados no noso ámbito de traballo e que consideramos de utilidade para toda aquela persoa que consulte o Boletín.

Dun xeito máis concreto, esta é a nova estrutura do Boletín:

- **Novas publicacións:** A parte central do boletín-e recollerá a referencia das publicacións que teñan chegado ó Centro de Documentación e que sexan consideradas de maior importancia polo seu contido ou alcance. Cada quincena destacárase algunha delas e incluírase un listado das novidades especializadas no contexto socioeconómico galego incorporadas ós fondos bibliográficos do CES-Galicia . Ademais dos datos bibliográficos básicos, ofrecérase acceso directo á versión electrónica da publicación, en caso de existir.

- **Recursos na rede:** En cada número da nova publicación dixital presentárase unha selección de recursos de información dispoñibles na Internet que poidan resultar de interese para as actividades que desempeña o Consello (e polo tanto relacionados coa economía e sociedade galegas e o seu contexto), cun breve

comentario sobre o seu contido. Na selección dos recursos fázase especial fincapé naqueles elaborados na Comunidade Autónoma ou referidos a ela, en particular os que se poidan considerar como útiles para a análise socioeconómica de Galicia.

- Novas CES: O boletín-e reservará unha sección para dar conta dos traballos elaborados polo CES-Galicia e ofrecerá acceso directo ós mesmos para a súa eventual descarga en formato pdf. Tamén se incluírán os informes ou estudos máis relevantes publicados polos outros CES, tanto de España (do Estado, autonómicos e mesmo locais) como do Comité Económico e Social europeo.

O nova versión do Boletín de Novidades do Centro de Documentación incorporouse como número 14 á colección xa existente. O número actual de receptores do Boletín é de 166 persoas.

Ó longo de 2004 incorporárase un formulario de alta na lista de receptores do Boletín-E na páxina web do CES. Polo momento, calquera persoa pode consultar o Boletín na nosa web (<http://www.ces-galicia.org/nbiblio/novbiblio.html>)

- *Cooperación con outros CES*

Xornadas de Documentación e Comunicación nos CES

No mes de maio de 2003 tiveron lugar en Santander as *Primeras Jornadas sobre la Documentación y la Comunicación e los CES*, organizadas polo CES Cantabria. As xornadas tiñan como obxectivo básico analizar a importancia que teñen para os nosos Consellos tanto os gabinetes de prensa como os centros de documentación propios, por medio do intercambio de experiencias dos profesionais ó cargo dos mesmos nos diferentes CES.

A participación do CES Galicia reflectiuse na presentación dunha ponencia por parte do responsable do Centro de

Documentación, titulada *Panorama actual de los recursos de información socioeconómica. Novos desenvolvementos*, na que se tentaba presentar dun xeito práctico cales son os principais recursos de información socioeconómica á hora de realizar os traballos técnicos (Memorias socioeconómicas principalmente) propios dun CES e presentar tamén os avances na Rede Internet que facilitan a localización de recursos de información útiles para eses traballos.

Estas Xornadas terán continuación no ano 2004, aínda en data por determinar, e baixo a organización do CES Canarias.

O Proxecto Recursos

Como resultado desa ponencia presentada polo CES Galicia, xurdiu un novo proxecto de cooperación entre os diferentes CES do Estado: a posta en marcha, dentro do portal web CES Españoles (<http://www.ces.es/cesespa/index.htm>) dunha base de datos con referencias, organizadas por tipoloxía e temáticas, dos mellores recursos de información na área socioeconómica dos que os CES poidan dispor para a elaboración dos seus traballos.

Do mesmo xeito, o feito de colocar esta base de datos no portal dos CES do Estado, facendoa consultable por calquera persoa, serviría para realzar o papel dos Consellos cara ós administrados.

No desenvolvemento do proxecto participan documentalistas dos CES de Baleares (coordinador), Castela e León, Canarias, Galicia e do CES do Estado. A intención do equipo de traballo é que o proxecto entre en funcionamento na primeira metade de 2004.

